

BASES DE SELECCIÓN DO CAMPAMENTO URBANO DE VERÁN DO CONCELLO DE VIVEIRO 2022

ARTIGO 1. Obxecto e ámbito de aplicación

As presentes bases teñen como obxecto establecer os criterios de selección para a participación no campamento municipal de verán do Concello de Viveiro, que se desenvolverá durante os meses de xullo e agosto para os/as menores do municipio.

O obxectivo deste campamento é cubrir a nivel pedagóxico este tempo de lecer facilitando unha alternativa de ocio saúdnable, fomentando o xogo, o deporte, a expresión artística así como os valores de convivencia e respecto entre iguais. Promoverase a realización de actividades de carácter lúdico: manualidades, obradoiros de refugallo, xogo cooperativo, actividades deportivas...

No mesmo senso, trátase de favorecer a conciliación familiar durante os meses de vacacións estivais, ofrecendo un recurso axeitado ás familias que por motivos laborais atópanse con dificultades para compaxinar a vida profesional e a crianza dos nenos e nenas.

O desenvolvemento deste campamento de verán axústase ás medidas establecidas pola Xunta de Galicia para o desenvolvemento das actividades de Educación non formal, Ocio Educativo e Tempo Libre adaptadas á situación de Covid-19.

ARTIGO 2. Persoas destinatarias

O campamento urbano de verán está destinado a nenos e nenas nados entre os anos 2010 e 2018, ámbolos dous incluídos.

ARTIGO 3. Lugar e período de realización

O campamento desenvolverase no pavillón do CEP Lois Tobío dende o día 4 de xullo ata o 26 de agosto.

O horario de serás de 8.30 a 14.15 horas, de luns a venres.

ARTIGO 4. Numero de prazas ofertadas

a) O campamento urbano de verán oferta un total de 100 prazas para os nenos e nenas que cumpran os requisitos de admisión.



No momento da solicitude deberá indicarse o periodo de participación solicitado:

- 1º Quincena de xullo (Do 4 ao 15 incluídos)
- 2º Quincena de xullo (Do 18 ao 29 incluídos)
- 1º Quincena de Agosto (Do 1 ao 12 incluídos)
- 2º Quincena de Agosto (Do 15 ao 26 de incluídos)
- Mes de xullo
- Mes de agosto
- Ambos meses

c) Resérvanse 6 prazas, por quenda, para nenos e nenas con discapacidade igual ou superior ao 33%, cando estes teñan capacidade de integración nun grupo e as súas necesidades especiais lles permitan beneficiarse e participar nas actividades que se van desenvolver. A discapacidade deberá acreditarse co certificado de discapacidade emitido polo órgano competente.

d) Resérvanse 6 prazas, por quenda, para nenos e nenas pertencentes a familias en situación de vulnerabilidade. Dita situación será acreditada cos informes pertinentes.

e) De non ser suficientes as prazas reservadas para cubrir a demanda de menores con discapacidade ou en situación de vulnerabilidade, estas poderían ser ampliadas para cubrir a demanda existente.

f) No suposto de que as prazas reservadas non se cubran, pasarán a acumularse ao resto de prazas libres.

ARTIGO 5. Prazo de solicitude

A presentación de solicitudes realizarase no prazo de 5 días hábiles dende o día seguinte ao da publicación das presentes bases no taboleiro de anuncios dixital.

As solicitudes deberán ser asinadas polo pai, nai ou titor legal do menor e presentaranse preferiblemente por vía electrónica ou no Rexistro Xeral do Concello ou polos medios establecidos no artigos 14.1 e 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

ARTIGO 6. Requisitos de participación

a) O/ a menor deberá estar empadroado no concello de Viveiro cun mínimo dun ano de antelación á data de comezo do campamento.

b) Os/as participantes no campamento deberán ter nacido entre os anos 2010 e 2018, ámbolos dous incluídos.



ARTIGO 7. Solicitude e documentación a presentar

- a) Solicitude de participación no campamento, que figura como ANEXO I a estas bases e declaración responsable referente ás medidas excepcionais a adoptar fronte ao covid-19.
- b) Fotocopia do DNI/NIE do/a menor
- c) Fotocopia da tarxeta sanitaria
- d) Fotocopia do DNI/NIE do pai/nai/titor legal que asine a solicitude de campamentos
- e) Fotocopia do libro de Familia
- f) No caso de ter certificado de discapacidade, copia do mesmo
- g) No caso de pertencer a grupo en situación de vulnerabilidade, informe acreditativo do mesmo
- h) No caso de separación/divorcio entre os pais, copia da mesma para acreditar o réxime de custodia.
- i) Vida laboral dos proxenitores ou certificado de realización do curso de formación emitido pola entidade impartidora.

A documentación en vigor que fora presentada en anteriores edicións do campamento, non será necesario volver a aportala, en aras ao principio de reutilización da información, cando así se faga constar e se autorice expresamente.

ARTIGO 8. Criterios de selección

- a) En primeiro lugar seleccionaranse aos nenos e nenas daquelas unidades familiares na que ambos proxenitores, teña vixente unha relación laboral no prazo de presentación de instancias ou estén realizando un curso do plan de formación impartido dentro da formación para persoas desempregadas das distintas administracións públicas.

No suposto de separación, divorcio ou familias monoparentais atenderase a que este requisito se cumpra respecto do proxenitor que se atope a cargo do/a menor .

- b) De contar con máis solicitudes que cumpran este criterio que prazas vacantes, entre as mesmas seleccionaranse por estricta orde de presentación de instancias.



- c) De resultaren prazas vacantes, unha vez adoptado este criterio, seleccionárase aos menores pertencentes a unha unidade familiar na que un dos proxenitores teña vixente una relación laboral no prazo de presentación de instancias ou esté realizando un curso do plan de formación impartido dentro da formación para persoas desempregadas das distintas administracións públicas.
- d) Unha vez cubertas o máximo de 100 prazas ofertadas, o resto de aspirantes pasarán á lista de agarda, aos efectos da cobertura de posibles vacantes, que se realizará mediante 2 chamadas telefónicas ao número que conste na solicitude en horario de 10,00 a 14,00 horas.
- e) De non cubrirse as 100 prazas ofertadas no periodo ordinario de presentación de solicitudes, permanecerá aberto o prazo para novas incorporacións ao longo do desenvolvemento do mesmo.
- f) Perderán o seu dereito á praza no campamento no suposto de contar con máis de tres faltas sen xustificar.
A xustificación deberá realizarse ante a empresa encargada do servizo.

ARTIGO 9. Tramitación das solicitudes

A comprobación dos requisitos e do cumprimento dos criterios de selección realizarase pola OMIX do concello de Viveiro.

ARTIGO 10. Listado de aspirantes admitidos e excluídos

- a) Comprobado o cumprimento dos requisitos das persoas solicitantes, elaborárase unha lista de admitidos e excluídos, indicando o motivo da exclusión. De haber un número superior de solicitantes respecto ás prazas ofertadas, confeccionárase unha lista de agarda, para cubrir as posibles vacantes por baixas ao longo do campamento.
- b) Non será obxecto de subsanación a presentación de solicitudes incompletas, en aras ao principio de igualdade, tendo en conta que un dos criterios de selección é a data de presentación de instancias.
- c) Este listado publicarase no taboleiro de anuncios dixital e na páxina web do concello

María Loureiro García
Alcaldesa de Viveiro
Documento asinado dixitalmente ao marxe



ANEXO I**CAMPAMENTO URBANO DE VERÁN 2022
FICHA DE INSCRIPCIÓN****DATOS DO/A MENOR**

DNI/NIE:

Nome e apelidos:

Data de nacemento:

DATOS DO PAI/NAI OU TITOR/A

DNI:

Nome e apelidos:

Teléfonos de contacto:

Enderezo electrónico:

Enderezo a efectos de notificación:

OUTROS DATOS**Ten necesidades educativas especiais:**

En caso afirmativo indica a atención específica que require o/ menor:

Ten algunha intolerancia alimentaria:

En caso afirmativo indica cales:

QUENDA DE PREFERENCIA (Marque a orde de preferencia)

1º quincena xullo:

2º quincena xullo:

1º quincena agosto:

2º quincena agosto:

Mes de xullo:

Mes de agosto:

Ambos meses(xullo e agosto) :

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

- Datos do padrón da persoa solicitante(menor)

- OPÓÑOME
Á
CONSULTA





DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA COA SOLICITUDE

- Declaración responsable referente ás medidas hixiénicas fronte ao Covid-19
- Fotocopia do DNI do/a menor
- Fotocopia da tarxeta sanitaria do/a menor
- Fotocopia do DNI do pai/nai/titor/a legal que asine a solitude
- Fotocopia do libro de familia
- No caso de ter certificado de discapacidade, copia do mesmo
- No caso de pertencer a un grupo vulnerable, certificado acreditativo do mesmo
- No caso de separación/divorcio entre os pais, copia da mesma para acreditar o réxime de custodia
- Vida laboral dos pais/titores legais ou certificado de realización do curso de formación emitido pola entidade pública impartidora.

A documentación que fora entregada anteriormente e esté en vigor, non é necesario aportala de novo.

Como representante legal do/a menor arriba indicado/a SOLICITO a súa inscrición no campamento urbano de verán de Viveiro.

Viveiro, xuño de 2022
(Sinatura do representante legal)

De conformidade co establecido na LEI ORGÁNICA 15/1999, DE 13 DE DECEMBRO, DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL (LOPD), infórmase ao interesado/a que os datos facilitados neste formulario incorporaranse á base de datos do que é titular o **Concello de Viveiro**, denominado base de datos "CAMPAMENTO URBANO DE VERÁN", con enderezo en Praza Maior, 1, 27850 Viveiro. Vostede poderá exercer, en calquera momento, eus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, previstos pola lei. Ao asinar este formulario vostede autoriza expresamente a utilización dos seus datos persoais en tódalas actividades relacionadas coa ludoteca de verán.

Os datos dos participantes poderán aparecer no listados municipais nos taboleiros de anuncios e na web municipal.

ALCALDÍA DO CONCELLO DE VIVEIRO

